

PASOS A SEGUIR PARA A PRESENTACIÓN E PAGAMENTO DO CANÓN EÓLICO

1. Obtención do certificado dixital.
2. Obtención da autorización da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia para o acceso á OVT
3. Parques eólicos que presentaran alta ante o INEGA: acceso á OVT, Censo Electrónico de Parques Eólicos de Galicia, consulta de datos e presentación de confirmación dos datos do Censo (prazo dende o 1 ao 20 de febreiro de 2014).
Parques eólicos de nova autorización: acceso á OVT, Censo Electrónico de Parques Eólicos de Galicia, presentación da declaración inicial de alta no Censo (prazo dun mes dende día seguinte a data de devengo e anterior ao punto 4).
4. Presentación e pagamento telemático do Imposto (prazo: do 1 ao 20 de xaneiro. EXCEPCIONAL: no ano 2014: do 1 ao 20 de marzo;)

O Canón Eólico é un tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia que somete a gravame a xeración de afeccións e impactos ambientais adversos sobre o medio natural e, por ende sobre o territorio, a través da instalación de bens afectos á produción de enerxía eólica e situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os suxeitos pasivos deste imposto **deberán autoliquidar o imposto a través das aplicacións informáticas desta páxina**. Estes suxeitos pasivos deberán dispoñer do correspondente **certificado dixital** e estar previamente **autorizados** pola Dirección da Axencia Tributaria de Galicia, para o que deberán presentar ante esta, con anterioridade ao primeiro prazo de autoliquidación, unha **solicitud de autorización** xunto a unha **ficha de usuario** axustadas aos modelos que encontrarán na oficina virtual tributaria.

Unha vez autorizados, os suxeitos pasivos deberán, no prazo de presentación da primeira autoliquidación e previamente a esta, presentar telematicamente ante a Axencia Tribuna de Galicia, unha declaración inicial dos datos do parque eólico a través do **modelo 007**.

¡ATENCIÓN!: no ano 2014, os parques eólico que xa tiveran presentado declaración de alta, deberán confirmar os datos do Censo no prazo dende o 1 de febreiro ata o 20 de febreiro e, en calquera caso, antes de presentar a autoliquidación do ano 2014.

Unha vez presentada a declaración inicial, ingresarán e presentarán telematicamente ante a Axencia Tributaria de Galicia o **modelo 012**, no cal practicarán a autoliquidación do imposto e determinarán a débeda tributaria correspondente a cada período impositivo, nos vinte primeiros días naturais do mes de xaneiro.

Prazos de presentación:

Prazo: do 1 ao 20 de xaneiro

¡ATENCIÓN! No ano 2014: o prazo excepcional de ingreso e presentación da autoliquidación será do 1 ao 20 de marzo do ano 2014.

As entidades financeiras nas que pode facer os ingresos telemáticos son as seguintes:

1. Pagamento telemático presencial (con NRC):

NovaGalicia Banco

La Caixa

Banco Popular

Banco Santander

2. Pagamento telemático con cargo en conta:

NovaGalicia Banco

La Caixa

Banco Popular

Banco Santander

BBVA